

ESCOLA DA VIDA

A entelequia do fracaso escolar

02.05.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Aprimeira pretensión da Lei xeral de educación de 1970 foi a escolarización de toda a infancia española desde os 6 aos 14 anos. Un período sinalado como de educación obrigatoria e gratuíta. Pero a plena escolarización desta poboación non supuxo, por si mesma, un efecto positivo na súa cualificación, xa que o ingreso nun centro escolar non transforma aos individuos en persoas cultas. Ademais, escola é moito máis que unhas infraestruturas, uns materiais e uns recursos, é toda unha organización de persoas e de medios que, normalmente, atenden a unhas leis e a uns procesos. E é aí onde está moitas veces o miolo das cuestións importantes. Se a lexislador da LXE ambicionou que todos os nenos conseguisen a maior educación posible baixo unha definición do principio de igualdade de oportunidades, en función da capacidade intelectual, a aptitude e o aproveitamento persoal, ao mestre isto supúxolle ter que facer unha atención máis individualizada, pero sen máis medios ao seu dispor, o que lle levou a acometer unha baixada xeral do listón establecido da formación. Coa Loxse, o proceso de rebaixa acentuouse, xa que os alumnos avanzaban, en determinados momentos, sen ter que pasar ningún tipo de control, aínda que non progresasen axeitadamente.

Así as cousas, no momento actual, os mestres din que se atopan con alumnos que veñen sobreprotexidos das súas casas e pouco motivados para esforzarse no traballo escolar; os profesores de secundaria advirten que os seus alumnos non saben o suficiente para lograr unha cualificación idónea nos estudos medios, e os da Universidade sinalan que teñen que facer moitas cousas que xa deberían estar resoltas nas etapas anteriores e que lles impiden prosperar no ensino especializado que deben impartir.

Polo tanto, cando se fala de fracaso escolar do alumno, realmente do que se está falando é dun fracaso social para a posta en marcha dun sistema educativo e cualificador sociolaboral da poboación. Para subsanar isto débese esixir á Administración que proporcione uns recursos humanos, materiais e instrumentais que sexan coherentes cos resultados que se propón acadar; aos profesores que se cualifiquen nos medios e programas educativos cos que deben desenvolver o seu labor, e aos pais que manteñan unha atención permanente sobre os estudos e comportamentos dos seus fillos, pero sen caer nin na sobreprotección nin na desidia, xa que isto levaralles a unha mala crianza que vai ser prexudicial, non só para eles senón para o resto da sociedade polos efectos secundarios que provoca.

Así pois cando nos refiramos ao fracaso escolar deberemos pensar que aínda que valorámolo polos resultados dos alumnos todos temos unha bo parte de responsabilidade nesa entelequia.